

## **CAPÍTULO X**

### **A CONVIVENCIA NA PRENSA**



## **ANÁLISE DE PRENSA SOBRE A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA**

### **1.-INTRODUCCIÓN**

Os datos recollidos a través dos cuestionarios e as entrevistas ós equipos directivos, profesorado, alumnado e familias dos centros da mostra seleccionada permítennos configurar un panorama da situación da convivencia nos centros escolares de Galicia. Para completar e/ou matizar esta visión derivada das opinións e valoracións dos diversos “implicados” da comunidade educativa, pareceunos de interese consultar varias publicacións periódicas galegas para observar qué noticias aparecían sobre esta temática.

Existe un acordo unánime sobre a importancia dos medios de comunicación de masas na sociedade actual, e concretamente recoñécese a súa incidencia na formación de certas conductas e actitudes sobre a realidade –ás veces incluso, na propia configuración da realidade–, de aí o interese de ter en conta o eco que reciben na prensa cuestións ás veces tan delicadas coma as relativas á convivencia nos centros escolares.

Somos conscientes de que os medios de comunicación en xeral, e a prensa en particular, non reflecten con fidelidade a realidade senón que a interpretan e ás veces incluso “créana”: non todos os sucesos se converten en noticia (normalmente só aqueles que constitúen conflictos ou aspectos problemáticos da situación: adoita dicirse que a normalidade non é noticia), e ademais o tratamento da noticia vai estar en función de diversos factores e intereses. Os medios poden estar sostidos e/ou apoiados por grupos que os utilizan implícita ou explicitamente para transmitir as súas mensaxes á sociedade e conseguir así os seus propósitos.

Así pois, unha análise da prensa e, máis especificamente, do tratamento dunha temática educativa singular como a da convivencia, esixe certas precaucións sobre todo no que respecta ó significado que se lle pode atribuír ó feito de que aparezan ou non certas noticias, cómo se contan, a relevancia que se lles dá, se se acompaña de fotografías, etc. É necesario estar alfabetizado nas lingüaxes e formatos que se empregan nos medios para poder descodificar e codificar mensaxes. Este aspecto que constitúe un importante reto de educación cidadá (convén preparar á xente para ser non só receptores de noticias senón decodificadores críticos do que se conta) representa tamén un problema para os propios investigadores cando queren afrontar a tarefa de recoller e analizar os contidos informativos da prensa diaria e empregalos para analizar a situación nas escolas. Somos conscientes do risco de desviación selectiva da atención que os medios provocan e tentaremos telo en consideración á hora de lles dar significado ós datos acadados.

O impacto dos medios vai depender do seu nivel de difusión e de audiencia, e neste sentido resulta significativo a designación da prensa como o “cuarto poder”. O mundo do ensino non constitúe un tema habitual dos medios, nin en particular na prensa, a pesar do interese e preocupación que ten a sociedade pola educación, da transcendencia dos temas educativos, ou incluso da magnitud das decisións que se adoptan neste ámbito se temos en conta o número significativo de traballadores e clientes que están implicados.

Presentar e analizar a realidade desde o ángulo peculiar que ofrecen diversos xornais galegos pódenos axudar a comprender mellor unha realidade complexa coma a educativa ó incorporar as miradas, as reflexións e opinións de persoas e profesionais máis ou menos alleos ó mundo educativo. A imaxe que se proxecta da escola nos medios de comunicación pode responder a variados intereses, pero, en calquera caso, é un indicador importante dos intereses, expectativas e preocupacións da sociedade respecto da escola e viceversa.

## 2.- DESCRICIÓN E COMENTARIO DOS DATOS RECOLLIDOS

O obxectivo inicial deste apartado do estudo sobre a convivencia en Galicia foi o de facer unha revisión de todas as noticias aparecidas na prensa diaria galega que afectaran ás escolas e que puideran referirse directa ou indirectamente a conflictos. Conflictos en xeral e/ou conflictos entre os diversos sectores da comunidade educativa.

Diversas circunstancias e as dificultades de acceso ós xornais de todo o período mencionado fixo que ó final o estudio estivera centrado sobre todo en cinco xornais: “El Correo Gallego”, “Faro de Vigo”, “El Ideal Gallego”, “El Progreso” e “La Voz de Galicia”. O período analizado correspón dese co curso 1997-98 (de setembro de 1997 a agosto de 1998).

No seguinte cadro aparecen as noticias recollidas:

Xornal	Nº de noticias
Voz de Galicia	58
Faro de Vigo	47
Correo Gallego	9
Ideal Gallego	28
Progreso	97
TOTAL	239

As noticias foron codificadas nunha ficha elaborada para tal efecto (pode verse no anexo correspondente) na que se anotaban os seguintes datos: data, nome do xornal, sección, relevancia tipográfica (alta, media, baixa), foto (si-non), título, resumo do contido, lugar onde ocorre, nivel, situación do centro, titularidade do centro, observacións especiais. Cubriuse unha ficha para cada unha das noticias relativas a un conflicto escolar.

Presentaremos primeiramente uns comentarios globais en torno ás características xerais das noticias que se recollerón, para en segundo lugar analizar especificamente aquelas referidas a conflictos xurdidos nos diversos centros galegos.

Como xa apuntamos anteriormente, o tratamento dos temas educativos na prensa adoita ser escaso. Incluso en períodos tan decisivos como os actuais nos que se está a desenvolver unha reforma en profundidade do sistema educativo, o espacío que se reserva ás noticias deste ámbito non resulta moi sig-

nificativo e, en todo caso, a información raramente supera o seu carácter legal para dar paso á análise das súas consecuencias, das reaccións que suscita, implicacións que xera, etc..., como acontece con outras novas doutros círculos máis influentes ou recoñecidos.

A pesar do anterior o curso 1997-98 foi especialmente significativo en Galicia pola implantación da educación secundaria obligatoria (ESO) en aplicación da LOXSE, que xerou diversos problemas, críticas e protestas, fundamentalmente das familias e estudiantes, e en menor medida do profesorado, polas repercusións da denominada “Rede de centros”. Nalgúns casos tamén se implicaron os concellos, e a participación dalgúns alcaldes e grupos políticos deulle a estas cuestións unha dimensión maior da esperada, ocupando día tras día titulares e espacios destacados nos diversos xornais.

Se ben se pode dicir que un suceso non é noticia ata que se publica ou difunde nun medio de comunicación, e que a obriga dos profesionais dos medios é a de informarnos do que acontece, tamén é certo que en ocasións se pode utilizar o “poder” dos medios para presionar ante unha determinada situación: unha denuncia a través dun medio de comunicación pode resultar unha vía más rápida e eficaz de busca de solucións ou polo menos de conseguir o apoio e a sensibilidade social necesaria para facer máis efectiva a protesta.

No que respecta ás datas, manexabamos a hipótese de se habería períodos escolares más conflictivos ou con maior incidencia de actuacións problemáticas. Esta hipótese non se confirmou agás os habituais desaxustes do inicio de curso e as consecuencias que provoca a falta ou descoordinación do transporte escolar, a falta de prazas escolares, a falta de profesorado, as deficiencias das aulas e centros ou as molestias polo atraso das obras de acondicionamento. Algunhas destes problemas poden aparecer esporadicamente ó longo do curso a teor de denuncias sindicais: sobre todo no que respecta as reclamacións para mellorar as instalacións dos centros e a incorporación de servicios como polideportivo e salón de actos, ou patio cuberto. Estes problemas reflíctense en forma de protestas dos pais e nais e da APA á Consellería de Educación e/ou ó concello.

Respecto do nivel educativo non destaca ningún en especial, aínda que as noticias de agresións verbais e físicas e discriminacións acontecen en secundaria, así como os actos de vandalismo protagonizados por persoas alleas ó centro escolar.

No relativo á situación xeográfica dos centros non se detecta o predominio dunha zona sobre outra. A problemática derivada da rede de centros xa

comentada tivo unha maior incidencia nas zonas rurais e nas pequenas vilas. Estas son tamén as zonas nas que acontecen a mayoría das denuncias polas deficiencias nas instalacións dos centros e as reclamacións polo funcionamento inadecuado do transporte escolar.

Tódalas noticias recollidas referíanse a centros ou servicios públicos. Só en tres ocasións a noticia afectaba a centros privados concertados. Nun dos casos (mes de setembro) recollíase a advertencia dos propietarios de garderías da imposibilidade de cumplir a normativa da Xunta que os levaría a pechar os centros. Tamén aparece (no mes de maio) a petición á Xunta de Galicia dun maior compromiso cos centros privados concertados. Noutro caso, referíase á querela dos pais contra a directora dun centro infantil por incumprir os estatutos (esta noticia aparecía en dous xornais). As reclamacións ós centros públicos derivan na súa grande mayoría da problemática da rede de centros e dos prexuízos que isto lles ocasiona ás familias e ó alumnado. Os problemas derivados da oferta deficiente de servicios como o transporte ou o comedor, e a necesidade de mellorar as instalacións e velar pola seguridade dos rapaces, apuntan tamén ós centros de titularidade pública. Por último, as noticias sobre violencia verbal e física e discriminación acontecen en centros públicos.

As numerosas noticias nas que se recollen as insistentes protestas dos pais e nais, das diversas APA, e mesmo nalgúns casos dos veciños da zona afectada pola rede de centros, fan supoñer un alto nivel de conflictividade durante este curso 1997-98: se ben é certo que o constante confrontamento entre as familias e a administración chegou a certas cotas de agresividade hai que recoñecer que únicamente se deron en zonas concretas nas que a presión exercida polos diversos sectores educativos, sociais, económicos e políticos foi considerable. Medidas como a da folga e o paro do alumnado e os peches das familias formaron parte da campaña de rexeitamento das propostas da administración dos novos centros docentes. Foi o xornal local o que cubriu con maior amplitud esta problemática, aínda que en tres casos a noticia aparece en todos os medios pero cun tratamento diferente en canto a extensión e relevancia.

En menor medida aparecen tamén noticias nas que as familias reclaman a mellora dos servicios de transporte ou das instalacións dos centros. Como xa apuntabamos, estas acontecen fundamentalmente a principio de curso. A falta de profesorado e mesmo de conserxe son tamén aspectos reclamados. Os estudiantes tamén denuncian ante a administración as deficientes instalacións dos centros e os problemas derivados da masificación nas aulas. Nalgúns casos únense a estas protestas o consello escolar e/ou o claustro de profesores. Ás veces, estas reclamacións referidas á mellora dos centros tamén se dirixen ós concellos.

As protestas do profesorado derivan na súa maioría da implantación da reforma e das consecuencias que provoca pola insuficiencia dos investimentos, a falta de coordinación ou a reducción de cadro de persoal e os traslados que vai ocasionar. Recóllese a denuncia dun claustro polos graves déficits educativos dos estudiantes e pídeselle ó concello a dotación dunha biblioteca.

As protestas dos sindicatos teñen que ver con aspectos como os dos horarios dos centros, os problemas de masificación e falta de recursos, ou o catálogo de postos de traballo que publica a administración e a adscrición do profesorado. Respecto dos concellos as reivindicacións refírense á necesidade de maiores investimentos.

As relacións entre os concellos e a administración xiran en torno ás protestas que provoca a súa exclusión da rede de centros, apoiando así as reivindicacións das familias. Nun caso recóllese a advertencia do concello á consellería sobre o perigo de derrubamento dun centro.

As desavinzas entre profesorado e familias, segundo as noticias recollidas, xorden pola polémica da xornada continuada.

As noticias que acabamos de comentar refírense, fundamentalmente, a problemas e desaxustes no funcionamento do sistema educativo, tanto no referido ós recursos humanos como materiais, ó incumprimento da normativa ou dos dereitos e obrigas dos diversos sectores da comunidade educativa. En si mesmos quizás non se poidan considerar como actos de violencia, pero a curto ou longo prazo a súa incidencia pode afectar negativamente as relacións e deteriorar a convivencia.

O número de noticias nas que se alude a sucesos de violencia verbal ou física e a discriminacións nos centros escolares son escasas. Non deixa de ser significativo o titular dun xornal que sinalaba que “os titores son os primeiros en ocultar as faltas dos alumnos conflictivos”. Posiblemente, as cuestións relativas á convivencia-violencia nos centros escolares só chegan a facerse explícitas e a difundirse cando son verdadeiramente graves ou se dan determinadas circunstancias que as fan emerxer e abordar publicamente.

Só aparecen dous casos de violencia física. Nun deles infórmase da condena imposta a un profesor, tralo correspondente xuízo, por agredir a un alumno (aparece en tres xornais). Esto aconteceu nun centro de FP dunha vila costeira. Recóllese tamén o caso dunha profesora de primaria, dun centro dunha vila do interior, tamén condenada por lle dar dúas lapadas a un alumno.

Aparece a noticia dunha denuncia dos pais ó profesorado que acompañou os seus fillos de excursión por excederse na súas competencias e maltrato.

Pola contra, denúnciase só un caso no que alumnos de secundaria ameazan un profesor.

En canto á violencia verbal, aparece a noticia da denuncia dunha familia a un profesor que insultou os estudiantes. Este mesmo caso reaparece ós quince días no mesmo xornal no que se denuncia a discriminación á que son sometidas as súas dúas fillas. Trátase dun centro de ESO da zona rural.

Un dos conflictos que recibiu un tratamento máis exhaustivo foi o que un dos xornais chegou a titular “a guerra do tabaco”. Tivo lugar nun centro de FP dunha cidade costeira. Xurdiu polos problemas dunha alumna co fume do tabaco e o incumprimento no centro da normativa ó respecto. A denuncia desta alumna, e as discriminacións e agresións que sufriu por parte dealgúns compañeiros e mesmo profesores, foron non só noticia durante certo tempo, senón que motivaron e alimentaron a polémica sobre o tabaco e os fumadores, transcendendo a noticia o ámbito estrictamente educativo.

Aparecen certas alusións á necesidade de velar pola seguridade do centro, denunciando os ataques de vandalismo que están a sufrir concretamente dous centros, un rural e outro urbano. Neste último caso, a noticia aparece en dúas ocasións nun prazo de dúas semanas, e ó día seguinte recóllense as declaracíons do concelleiro de Educación que observa manobras políticas en tal protesta dos pais. A autoría destes casos de violencia contra as instalacións e os materiais acostuma corresponder a personas alleas ó centro, ó igual que a denuncia dunha agresión que recibe o director dun instituto por un mozo non alumno do centro. Infórmase tamén da agresión que sufren tres alumnos dun centro dunha cidade costeira na que os rapaces eran intimidados e roubados por adolescentes cunha arma branca cando saían do centro.

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	VOZ DE GALICIA- RESUMO
V1	4-9	I	C	C	Pais /Direc.	Pais protestan pola xestión do centro
V2	5-9	I	C		Propietario garderías	Propietarios garderías sobre normativa
V3	12-9	P	R	Pu	Pais/Admon.	Derruba antiga escola. Piden solucións

## A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA

---

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	VOZ DE GALICIA- RESUMO
V4	16-9	P ESO	Varios	Pu	Pais /Admón.	Falta de profesorado / Obras / Transporte
V5	18-9	BUP	R	Pu	Pais /Admón.	Falta de transporte instituto
V6	19-9	Varios	R	Pu	Pais Profs/Admón.	Problemas inicio curso: falta de profesores e falta de espacio
V7	24-9	P	R	Pu	APA direc. sindicato/ Admón.	Atención alumno NEE
V8	25-9	P	R	Pu	Pais /Admón.	Comezan as clases nun local provisional
V9	25-9	Secund	R	Pu	Pais prof./Admón.	Petición instituto
V10	2-10	ESO	V	Pu	Sindicato/Admón.	Problemas masificación e falta de recursos
V11	4-10	ESO BUP	C	Pu	Coord. prof /Admón.	Problemas inicio curso - Aplicación LOXSE
V12	11-10	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Escolarización na vila antes do novo instituto
V13	12-10	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Escolarización na vila mentres non se constrúa o novo instituto
V14	12-10	P	R	Pu		Problemas por obras no centro
V15	15-10	ESO BUP	R	Pu	Claustro /Concello	Déficits educativos. Solicitan ó concello unha biblioteca
V16	15-10	I	R	Pu	Pais /Admón.	Novo centro
V17	23-10	P	V	Pu	Profesora	Condenada unha profesora por darlle dúas bofetadas a un alumno
V18	25-10	IP	V	Pu	Grupo político/ Concello	Deficiencias instalacións centro
V19	26-10	P	V	Pu	APA/Admón.	Melloras no centro
V20	31-10	ESO BUP	P	Pu	APA/Admón.	Mellora nas instalacións
V21	31-10	ESO	R	Pu	Pais/Profes.	Denuncia a prof. por insultos ós alumnos
V22	31-10	IP	R	Pu	APA/ Dirección	Deslígase das denuncias dos pais sobre as deficiencias do centro
V23	2-11	P	P	Pu	APA /Admón.	Deficiencias instalacións
V24	29-11	ESO	R	Pu	Pais /Concello	Reclaman centro ESO
V25	14-11	ESO	R	Pu	Pais /Profes.	Pais denuncian discriminación no centro
V26	14-11	FP	P	Pu	Comisión educativa /Admón.	Fenosa corta a luz por deficiencias

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	VOZ DE GALICIA- RESUMO
V27	9-12	I	R	Pu	Pais /Admón.	Espérase retirada multa polo conflicto
V28	10-12	P	R	Pu	Pais /Admón.	Masificación por facer 1º ciclo ESO nos centros primaria
V29	21-12	P	R	Pu	APA /Admón.	Traslado a outro concello a facer ESO
V30	3-2	BUP	C	Pu	-	Problemas saúde nun centro de Lugo
V31	5-2	BUP	C	Pu	Alumnos	Folga polas malas instalacións que provocan enfermidades
V32	22-2	BUP	C	Pu	Asociac. alumnos /Prof.	CAF denuncia a un prof. por desprezar a lingua galega
V33	26-2	P	V	Pu	APA /Admón.	Deficiencia instalación centro
V34	14-3	BUP	R	Pu	APA /Admón.	Non queren trasladarse a outro centro
V35	29-3	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Manifestación para esixir centro ESO
V36	31-3	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Esixen centro ESO
V37	1-4	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
V38	1-4	ESO	P	Pu	Pais /Admón.	Adxudicación / traslado a un centro ESO
V39	6-4	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Peché de pais. Reclaman rede centros
V40	15-4	ESO	C	Pu	APAs /Admón.	Adxudicación centros ESO
V41	16-4	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
V42	16-4	ESO	C	Pu	APA /Concello	Rede centros
V43	17-4	ESO	R	Pu	-	Rede centros (clases nun bar...)
V44	19-4	ESO	R	Pu	-	Volta a clase despois da folga
V45	20-4	ESO	R	Pu	-	Rede centros
V46	29-4	FP	C	Pu	Prof. /Alumno	Visto para sentencia agresión prof. a un alumno
V47	30-4	ESO	Varios	Pu	Pais /Admón./ Prof.	Rede centros (pais, profs.). Profs.: catálogo postos traballo
V48	1-5	FP	C	Pu	Prof. /Alumno	Condena dun prof. por agresión a un alumno
V49	3-5	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
V50	15-5	ESO	V	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
V51	21-5	I	V	Pu	APA /Admón.	Compartir instalación con Sanidade

**A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA**

---

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	VOZ DE GALICIA- RESUMO
<b>V52</b>	28-5	ESO	V	Pu	Prof. /Admón.	Máis unidades ESO
<b>V53</b>	13-6	ESO	V	Pu	Pais /Admón.	Novo instituto
<b>V54</b>	14-6	IP	V	Pu	APA /Admón.	Instalación centro
<b>V55</b>	18-6	IP	V	Pu	APA /Admón.	Instalación centro
<b>V56</b>	29-6	ESO	R	Pu	Veciños /Admón.	Manifestación mellora instalacións
<b>V57</b>	232-6	IP	V	Pu	APA /Admón.	Instalación centro
<b>V58</b>	19-7	ESO	R	Pu	Veciños /Admón.	Rede centros

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	O PROGRESO- RESUMO
<b>P1</b>	9-9	ESO	-	Pu	Prof.	Criticán implantación ESO: non hai diñeiro (LOXSE)
<b>P2</b>	12-9	-	-	Pu	Grupos políticos	Protesta peche escola fogar
<b>P3</b>	21-9	ESO IES	C	Pu	Prof.	Protesta reducción cadro de persoal. Demisión equipo directivo
<b>P4</b>	22-9	-	-	Pu	Pais	Non se atende os superdotados
<b>P5</b>	24-9	-	R	Pu	Consello escolar /Admón.	Máis seguridade, aumento de vandalismo
<b>P6</b>	25-9	ESO IES	C	Pu	Grupos políticos	Protesta reducción cadro de persoal. Dimisión equipo directivo
<b>P7</b>	26-9	-	-	Pu	CONFAPA	Centros máis próximos. Financiamento transporte e comedor (LOXSE)
<b>P8</b>	30-9	ESO IES	C	Pu	-	Protesta reducción cadro de persoal. Dimisión equipo directivo
<b>P9</b>	2-10	P	-	-	Pais /Concello	Transporte escolar
<b>P10</b>	4-10	BUP	C	Pu	Claustro /Admón.	Obras centro
<b>P11</b>	8-10	I	V	Pu	Pais /Admón.	Falta profesores
<b>P12</b>	-	BUP	C	Pu		Obras centro
<b>P13</b>	11-10	P	V	Pu	Consello escolar /Pais	Rechazo de nenos comedor
<b>P14</b>	12-10	ESO IES	R	Pu	APA /Admón.	Horario esgotador
<b>P15</b>	14-10	P	C	Pu	Pais / Admón.	Falta de seguridade no centro
<b>P16</b>	16-10	P	C	Pu	Pais / Admón.	Profesor de Historia imparte Tecnoloxía

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	O PROGRESO- RESUMO
<b>P17</b>	17-10	-	-	Pu	Pais alumnos /Admón.	Melloras no Conservatorio
<b>P18</b>	21-10	-	-	Pu	Pais /Concello	Transporte escolar
<b>P19</b>	28-10	P	C	Pu	Pais / Admón.	Falta de seguridade no centro
<b>P20</b>	29-10	P	C	Pu	Pais / Admón.	Concelleiro Educación ve manobras políticas na protesta
<b>P21</b>	7-11	FP	V	Pu	APA /Admón.	Ampliación ciclos formativos
<b>P22</b>	12-11	I	V	Pu	Pais / Admón.	Mellora instalacións
<b>P23</b>	28-11	P	R	Pu	Prof. dirección /Admón.	Coidador para neno NEE
<b>P24</b>	14-12	-	-	-	Profs. /Admón.	Falta de coordinación
<b>P25</b>	30-12	ESO	R	Pu	APA /Admón.	Petición centro ESO
<b>P26</b>	3-1	ESO	R	Pu	Admón. /APA	Admón. descarta un centro en Portomarín
<b>P27</b>	5-1	ESO	R	Pu	APA /Admón.	Pais protestan
<b>P28</b>	9-1	ESO	R	Pu	APA /Admón.	Protesta ó conselleiro
<b>P29</b>	10-1	ESO	R	Pu	APA /Admón.	Educación frustra toda esperanza
<b>P30</b>	6-2	BUP	C	Pu	Alumnos /Admón.	Problemas / Cortan o tráfico
<b>P31</b>	6-2	FP	V	Pu	Consello escolar /Admón.	Ve negativo que no centro se imparta ESO
<b>P32</b>	8-2	ESO IES	V	Pu	Pais	Que se derrube unha torre próxima ó centro
<b>P33</b>	10-2	ESO IES	C	Pu	Alumnos	Folga para mellorar instalacións centro
<b>P34</b>	14-3	P	C	Pu	Pais	Perigosidade das instalacións
<b>P35</b>	17-3	ESO	R	Pu	Veciños	Rede centros
<b>P36</b>	1-4	ESO IES	P	Pu	-	O instituto terá comedor: soluciónase unha reivindicación
<b>P37</b>	1-4	ESO IES	V	Pu	APA /Admón.	Preocupación transporte escolar
<b>P38</b>	2-4	-	-	Pu	Profs.	Rede centros (que se negocie)
<b>P39</b>	2-4	ESO	V	Pu	Profs.	Rede centros
<b>P40</b>	3-4	ESO	-	Pu	Admón. /Pais	Non terá ESO
<b>P41</b>	5-4	ESO	-	Pu	Pais /Admón.	Rede centros (manifestación para reclamar...)

**A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA**

---

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	O PROGRESO- RESUMO
<b>P42</b>	6-5	Varios	-	C	-	Maior compromiso da Xunta cos centros concertados
<b>P43</b>	9-4	ESO	-	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
<b>P44</b>	10-4	ESO	V	Pu	Consello escolar /Admón.	Instalacións
<b>P45</b>	10-4	ESO	-	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
<b>P46</b>	12-4	ESO	-	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
<b>P47</b>	13-4	ESO	-	Pu	APA	Pancarta que reclama ESO
<b>P48</b>	13-4	ESO	-	Pu	Veciños	Rede centros
<b>P49</b>	14-4	ESO	-	Pu	Pais /Admón.	Reunión conselleiro
<b>P50</b>	15-4	ESO	-	Pu	-	Paro xeral
<b>P51</b>	16-4	IP	-	Pu	Sindicatos	Protesta polos prexuízos da unificación horarios
<b>P52</b>	16-4	ESO	-	Pu	Pais	Protesta rede centro (contratan 3 profesores)
<b>P53</b>	17-4	ESO	-	Pu	Pais	Protesta rede centro (contratan 3 profesores)
<b>P54</b>	17-4	-	-	Pu	Prof. /Admón.	Negociación prazas prof. pola rede centros
<b>P55</b>	19-4	ESO	-	Pu	Pais / Admón.	Os nenos voltan á clase
<b>P56</b>	20-4	ESO	-	Pu	APA /Admón.	Protesta consello. Rede centros
<b>P57</b>	21-4	ESO	-	Pu	APA /Admón.	Protesta Parlamento
<b>P58</b>	22-4	ESO	-	Pu	APA /Admón.	Protesta Parlamento
<b>P59</b>	25-4	ESO	V	Pu	-	Rede centros / Comedor escolar
<b>P60</b>	26-4	Varios	-	Pu	Pais/Prof.	Xornada continuada: desacordo pais/profesores
<b>P61</b>	27-4	ESO	-	Pu	-	Rede centros
<b>P62</b>	28-4	ESO	-	Pu	Pais/Admón.	Rede centros
<b>P63</b>	1-5	ESO	-	Pu	-	Denuncia xulgado rede centros
<b>P64</b>	3-5	ESO	-	Pu	-	Rede centros
<b>P65</b>	7-5	P		Pu	Prof./Admón.	Manteremento de postos de traballo
<b>P66</b>	8-5	ESO	-	Pu	-	Rede centros
<b>P67</b>	9-5	BUP		Pu	Profs. /Admón.	Protesta contra os trasladados
<b>P68</b>	20-5	ESO	V	Pu	Pais	Contra o horario

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	O PROGRESO- RESUMO
<b>P69</b>	21-5	ESO BUP		Pu	Sindicato /Admón.	Contra o catálogo de centros e adscrición profes.
<b>P70</b>	22-5	-		Pu	Sindicato /Admón.	Contra o catálogo de centros e adscrición profes.
<b>P71</b>	22-5	Varios	R	Pu	-	Mellora instalacíóns
<b>P72</b>	24-5	FP	V	Pu	Concello /Admón.	Solicitud escola taller
<b>P73</b>	28-5	ESO BUP		Pu	Profs. /Admón.	Os interinos piden que se valore a antigüidade
<b>P74</b>	4-6	Varios		Pu	Sindicato /Concello	Non se cobren baixas do profesorado
<b>P75</b>	6-6	Varios	V	Pu	Sindicato /Concello	Investimentos nos centros
<b>P76</b>	6-6	ESO	-	Pu	-	Rede centros
<b>P77</b>	9-6	ESO	-	Pu	Partido político /Admón.	Rede centros
<b>P78</b>	11-6	-	V	Pu	APA/Concello	Mellora instalacíóns
<b>P79</b>	13-6	ESO	R	Pu	Pais/Admón.	Rede centros
<b>P80</b>	16-6	-	V	Pu	Concello /Admón.	Rede centros
<b>P81</b>	17-6	ESO	V	Pu	Profs. /Admón.	Garante praza ó profesorado suprimido
<b>P82</b>	26-6	ESO	R	Pu	Concello	Pleno para pedir centro ESO
<b>P83</b>	26-6	ESO	R	Pu	-	Pleno para pedir centro ESO
<b>P84</b>	26-6	ESO		Pu	Pais alumnos /Admón.	Rede centros As Gándaras
<b>P85</b>	28-6	P	R	Pu	-	Irregularidades na elección director
<b>P86</b>	2-7	-		Pu	Profs.	Atraso na publicación rede de centros: descoñecen destino
<b>P87</b>	3-7	ESO		Pu	Pais alumnos /Admón.	Rede centros.
<b>P88</b>	4-7	ESO		Pu	Pais alumnos /Admón.	Rede centros
<b>P89</b>	5-7	ESO	-	Pu	Pais/Admón.	Rede centros
<b>P90</b>	6-7	ESO	-	-	-	Rede centros
<b>P91</b>	7-7	ESO	-	Pu	Pais/Admón.	Rede centros (non aceptan horario)
<b>P92</b>	23-7	-		Pu	Sindicato /Admón.	Négase a tratar coa admón.

**A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA**

---

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	O PROGRESO- RESUMO
<b>P93</b>	3-8	-		-	-	Valedor do pobo (dez recomendacións para mellorar o ensino por mor de denuncias en Lugo)
<b>P94</b>	5-8	-	-	Pu	-	Rede centros
<b>P95</b>	28-8	ESO	C	Pu	Pais/Admón.	Conflicto. Preocupación dos pais polo comezo do curso

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	IDEAL GALEGO- RESUMO
<b>I1</b>	4-9	I	P	C	Pais/Director	Querela contra a directora dunha gardería por incumprir estatutos
<b>I2</b>	17-10	BUP	C	Pu	Alumnos prof. /Admón.	Falta de profesores
<b>I3</b>	4-11	BUP	C	Pu	APA alum. /Admón.	Mellora instalacións no centro
<b>I4</b>	7-11	BUP	C	Pu	-	Mozo (non alumno) que agrede ó director do instituto
<b>I5</b>	21-11	BUP	V	Pu	Alumnos /Admón.	Masificación aulas
<b>I6</b>	23-11	BUP	P	Pu	Asociac. alumn. /Admón.	Mellora instalacións no centro
<b>I7</b>	3-12	ESO	V	Pu	-	Necesidade de formar a APA
<b>I8</b>	25-1	I	V	Pu	Pais /Prof.	Integración alumno NEE
<b>I9</b>	31-1	BUP	C	Pu	Pais-Prof. /Admón.	Emanación gases instituto de Lugo
<b>I10</b>	2-2	ESO	P	Pu	Pais/Concello	Piden un bedel
<b>I11</b>	11-2	ESO	V	Pu	Consello escolar /Admón.	Atraso na apertura do novo centro
<b>I12</b>	12-2	BUP	C	Pu	Pais /Admón.	Mellora instalacións no centro
<b>I13</b>	14-2	Varios	C	Pu	APAs/Admón.	Ofrécese a xestionar o servicio de comedor do centro
<b>I14</b>	15-2	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
<b>I15</b>	3-3	BUP	C	Pu	Director /Admón.	Mellora instalacións no centro
<b>I16</b>	6-3	ESO	V	Pu	Alumnos /Admón.	Atraso nas obras do centro: o tráfico
<b>I17</b>	22-3	ESO	V	Pu	APAS /Admón.	Mellora instalacións
<b>I18</b>	2-4	FP	C	Pu	Alumnos /Admón.	Instalacións / Currículo más adecuado

<b>Código</b>	<b>Data</b>	<b>Nivel</b>	<b>Situación</b>	<b>Titular</b>	<b>Quen</b>	<b>IDEAL GALEGO- RESUMO</b>
<b>I19</b>	15-4	ESO FP	V	Pu	Claustro /Admón.	Mellora instalacións
<b>I20</b>	17-4	FP	C	Pu	Alumno	Problemas alumna que denuncia que se fuma na clase: "guerra tabaco"
<b>I21</b>	23-4	BUP	C	Pu	Alumnos	Protestan para que se cumpla a Lei de normalización lingüística
<b>I22</b>	12-5	BUP	C	Pu	APA-Dirección /Admón.	Mellora instalacións no centro
<b>I23</b>	14-5	ESO	R	Pu	Pais /Admón.	Rede centros
<b>I24</b>	2-6	P	P	Pu	-	Reclaman vivenda para o conserxe
<b>I25</b>	13-6	BUP	V	Pu	APA /Admón.	Deficientes instalacións instituto
<b>I26</b>	15-7	BUP	V	Pu	Pais /Admón.	Mellora instalacións
<b>I27</b>	17-7	ESO BUP	C	Pu	Pais /Admón.	Denuncia paralización obras instituto
<b>I28</b>	22-7	FP	C	Pu	-	"Guerra tabaco"

<b>Código</b>	<b>Data</b>	<b>Nivel</b>	<b>Situación</b>	<b>Titular</b>	<b>Quen</b>	<b>FARO DE VIGO- RESUMO</b>
<b>F1</b>	4-9	ESO	VCambados	Pu	APAS /Admón.	Falta de prazas
<b>F2</b>	6-9	ESO	RGondo-mar	Pu	Partido político /Admón.	Falta de prazas
<b>F3</b>	8-9	ESO	Varios	Pu	CONFAPA /Admón.	Profesores sen asignar destino
<b>F4</b>	14-9	P	P	Pu	Pais / Admón.	Falta profesorado
<b>F5</b>	16-9	Varios	Varios	Pu	Pais /Admón.	Descoordinación transporte escolar no inicio clases
<b>F6</b>	16-9	Varios	Varios	Pu	-	Incerteza pola implantación ESO
<b>F7</b>	19-9	P	R	Pu	Pais /Admón.	Mellora instalacións
<b>F8</b>	19-9	I	R	Pu	Admón. /Concello	Atraso obras colexio infantil
<b>F9</b>	19-9	I	P	Pu	-	Falta profesorado
<b>F10</b>	24-9	FP	-	Pu	Profs. /Admón.	Protesta pola mala planificación dun curso do Cefocop
<b>F11</b>	25-9	V	V	Pu	Admón /Pais	A ministra culpa os pais dos problemas da ESO en Galicia
<b>F12</b>	27-9	ESO	V Ponteareas	Pu	Pais /Admón.	Novo centro para ESO

**A CONVIVENCIA NOS CENTROS ESCOLARES DE GALICIA**

---

Código	Data	Nivel	Situación	Titular	Quen	FARO DE VIGO- RESUMO
<b>F13</b>	5-10	ESO	V Moaña	Pu	APAS /Admón.	Desidia da administración: diversas deficiencias
<b>F14</b>	7-10	P	C	Pu	Varios /Admón.	Mellora instalacións
<b>F15</b>	8-10	P	C	Pu	Varios /Admón.	Un informe revela que non reviste problemas (referíndose á noticia anterior)
<b>F16</b>	9-10	ESO BUP	C	Pu	Dirección /Admón.	Protesta por traslado dun profesor
<b>F17</b>	9-10	ESO BUP	V Baiona	Pu	Claustro dirección /Admón.	Necesidade profesores
<b>F18</b>	10-10	ESO BUP FP	C	Pu	Claustro /Admón.	Problemas inicio curso: masificación e prof. Compartir centro
<b>F19</b>	10-10	BUP	C	Pu	APA /Admón.	Mellora instalacións
<b>F20</b>	11-10	ESO	V A Guarda	Pu		Reclaman centro ESO
<b>F21</b>	12-10	BUP	V	Pu	APA /Admón.	Mitin político no ximnasio do centro
<b>F22</b>	16-10	FP	C	Pu	Alumnos /Admón.	Mellora instalacións
<b>F23</b>	17-10	FP	C	Pu	Profs. /Admón.	Mellora instalacións
<b>F24</b>	22-10	FP	C	Pu	Consello escolar /Admón.	Mellora instalacións
<b>F37</b>	11-3	P	C	Pu	Pais /Admón.	Supresión 1º ciclo ESO
<b>F38</b>	30-3	P	C	Pu	Pais centro /Admón.	Rede centros
<b>F39</b>	1-5	ESO	V	Pu	APA /Admón.	Instalacións deficientes. Centro novo
<b>F40</b>	3-5	ESO	V	Pu	APA /Admón.	Rede centros
<b>F41</b>	6-5	FP	C	Pu	Pais	Profesor condenado por agreder a un alumno. Pídense a demisión do director.
<b>F42</b>	6-5	P	V	Pu	Pais /Admón.	Mellorar instalacións
<b>F43</b>	6-5	P	R	Pu	-	Transporte escolar (neno en carreta): Soluciónnase
<b>F44</b>	23-5	BUP	C	Pu	-	Condena ó profesor que agredu ó alumno e sanción tamén ó alumno
<b>F45</b>	4-7	ESO	C	Pu	Pais	Reclaman que se investigue a alta porcentaxe de fracaso escolar en 4º ESO
<b>F46</b>	17-7	BUP	V	Pu	Pais	Denuncian a 3 profesores por maltrato nunha excursión

<b>Código</b>	<b>Data</b>	<b>Nivel</b>	<b>Situación</b>	<b>Titular</b>	<b>Quen</b>	<b>FARO DE VIGO- RESUMO</b>
<b>F47</b>	20-8	BUP	V	Pu	Pais	Denuncian a 5 profesores por excederse nas súas competencias nunha excursión.

<b>Código</b>	<b>Data</b>	<b>Nivel</b>	<b>Situación</b>	<b>Titular</b>	<b>Quen</b>	<b>CORREO- RESUMO</b>
<b>C1</b>	6-12	IES	?	?	-	Alumnos que ameazan a profesores
<b>C2</b>	31-1	?	?	?	-	3 adolescentes intimidan con arma branca a escolares ós que roubaban á saída dun colexio coruñés.
<b>C3</b>	16-4	ESO	R Pantón Dumbría	Pu	-	Rede centros (folga alumnos)
<b>C4</b>	19-4	P	C	Pu	Alumnos/ Alumnos	Marxinación e agresión a unha alumna que denuncia que se fuma na clase
<b>C5</b>	21-4	ESO	CVigo	Pu	Pais /Prof.	Rede centros
<b>C6</b>	21-4	ESO	CVigo	Pu	Alumnos /Admón.	Instalacíons centro
<b>C7</b>	23-4	I	R	Pu	-	Transporte escolar
<b>C8</b>	1-5	FP	V	Pu	Alumno /Prof.	Condenado por agredir a un alumno
<b>C9</b>	14-5	?	?	?	-	“Os titores son os primeiros en ocultar as faltas dos alumnos conflictivos”

